

# III CONCURSO DE CULTURA CLÁSICA



## ODISEA 2008

---

**A** delegación galega da Sociedade Española de Estudios Clásicos (SEEC) convoca a **terceira edición do concurso ODISEA**, no que poderán participar tódolos alumnos que así o desexen, pertencentes a calquera dos Centros Oficiais de Ensino Secundario de Galicia. Terá lugar entre os días **28 e 31 de xaneiro de 2008**.

Este certame, malia que aberto a tódolos alumnos dos Centros, está dirixido principalmente aos profesores e alumnos de Cultura Clásica, Latín e Grego, e non pretende outra cousa que sacar a Cultura Clásica das aulas, alomenos por uns días.

Recordamos que a idea orixinal deste concurso debémoslla ás profesoras Ángeles Burgos González e María F. Loira Santiago, dos departamentos de Grego e Latín do IES "*David Buján*" de Cambre, non sendo este máis que unha versión "*en liña*" do seu concurso.

Este ano súmase á nosa proposta a **delegación valenciana da SEEC**, coa colaboración da asociación **Prosopón-Sagunt**, e por vez primeira o concurso **ODISEA** vaise realizar tamén na comunidade de Valencia. Coincidirá coas nosas datas e rexirase por igual regulamento e calendario. Cando rematen os dous celebraremos unha **fase final** entre o grupo gañador na comunidade valenciana e o grupo gañador na nosa.

Nesta convocatoria tivemos moi en conta as suxerencias dos participantes na edición anterior, que chegaron a nós a través das enquisas que fixemos para saber cal era a opinión daquelas e aqueles que se embarcan con tanto entusiasmo nesta renovada nave de Odiseo. As preguntas cinguiranse máis ao currículo de Cultura Clásica, Latín e Grego que se ensina nos centros e, como se establece nas bases, cada día versarán sobre temas concretos.

Despois de deixar atrás a Escila e Caribdis, nesta xa terceira singladura, confiamos unha vez máis chegar á nosa illa, sen que a cólera de Posidón ou as malas artes de Circe deteñan a nosa nave. E como Odiseo coas sereas, deixemos aos nosos alumnos que entonen o melodioso son das preguntas, e, aínda que a tentación sexa grande, permanezamos no mastro con mans atadas e deixemos que sexan eles os que marquen o rumbo.

# BASES

- I. O concurso consistirá en responder ás preguntas que cada día se publiquen na sección **ODISEA 2008** da páxina WEB da Sociedade de Estudos Clásicos de Galicia ([www.seecgalicia.org](http://www.seecgalicia.org)).
- II. Poderán participar **alumnos matriculados nos Centros Oficiais de ensino Secundario de Galicia durante o curso 2007/2008**, formando equipos de tres membros como máximo. Estes equipos deberán contar cun **profesor responsable**. Un mesmo profesor poderá ser responsable de varios equipos.
- III. Os **tres primeiros días (luns 28, martes 29 e mércores 30)** sairán publicadas **tres** "preguntas" que versarán sobre temas relacionados coa Cultura Clásica.
  - **O luns 28** as preguntas serán sobre **mitoloxía grega e romana**,
  - **O martes 29** sobre a **vida cotiá en Grecia e Roma**,
  - **O mércores 30**, sobre **Historia e institucións grecolatinas**. As "preguntas" terán sempre respostas breves e concisas.No **cuarto día**, o **xoves 31**, sairán publicadas outras "preguntas-pistas" e un "preguntón", de maior dificultade cás preguntas ordinarias: a resposta do "preguntón" virá dada polas iniciais das respostas correctas destas "preguntas-pistas", **segundo a orden de publicación das mesmas**. Estas preguntas serán todas elas sobre **Literatura grecolatina**.
- IV. Os equipos participantes terán que responder as preguntas **cubrinto directamente o formulario** que sairá publicado na WEB da SEEC segundo o calendario adxunto.

- V. A duración do concurso será dende o **luns 28 de xaneiro ata o xoves 31 de xaneiro de 2008**, segundo o calendario establecido a continuación.
- VI. A **inscrición** dos equipos realizarase entre os días **8 e 18 de xaneiro de 2008**, ambos inclusive, cubrindo o **formulario de inscrición** directamente na WEB da SEEC. Unha vez cuberto cada equipo recibirá, no correo-E do profesor responsable, unha **clave** para poder concursar.
- VII. Por cada *pregunta* correctamente respondida obteranse **5 puntos** e o erro suporá o desconto de **1 punto**. Se se acerta o "*preguntón*" obteranse **10 puntos** e por cada resposta acertada das *preguntas-pistas* para chegar á solución obteranse **2 puntos** máis; por cada erro descontarase **1 punto**.
- VIII. Nas respostas non se admitirán abreviaturas e deberase respectar a **correcta ortografía** das palabras. Cando se pida expresamente a resposta en latín deberase usar esta lingua e poñer a palabra en caso **nominativo singular**, tal e como vén no dicionario.
- IX. Na páxina web publicarase unha serie de preguntas e respostas frecuentes relativas á correcta participación no concurso. Non esquezades, polo tanto, consultalas, porque vos servirán de gran axuda.
- X. Cada día publicarase na web as respostas correctas ás *preguntas* ou *preguntón* do día anterior e a orde de clasificación dos equipos. O **resultado final** darase, se non hai empate, o **venres 1 de febreiro de 2008**. Se o houberse procederase segundo o establecido no punto seguinte.
- XI. En caso de empate celebrarase un **desempate** que consistirá nun **novo preguntón** que se publicará na WEB e se resolverá da maneira establecida no calendario.
- XII. O **xurado** estará composto polos membros da directiva da SEEC seguintes:
- Álvaro P. Vilariño
  - Carmen Riobó
  - Cecilia Criado
  - Dulce Estefanía
  - Maite Miñambres
  - Teresa Amado
- XIII. Establécense os seguintes **premios**:
- 1º Equipo clasificado: **300 euros**. - 2º Equipo clasificado **150 euros**.
  - 3º Equipo clasificado: **100 euros**.
- XIV. En caso de calquera **reclamación ou consulta** estas dirixiranse ao seguinte enderezo electrónico: [secretaria@seecgalicia.org](mailto:secretaria@seecgalicia.org)
- XV. Este ano por primeira vez o equipo gañador deste concurso competirá nunha **fase final** co equipo gañador do concurso na Comunidade de Valencia, nun preguntón que sairá publicado o **xoves 14 de febreiro**. As preguntas versarán sobre calquera dos temas antes propostos.
- XVI. Para o o equipo gañador da fase final establécese un premio de **400 euros**.

# CALENDARIO

1. As "*preguntas*" sairán publicadas na sección **ODISEA 2008** da web da Delegación Galega da SEEC [www.seecgalicia.org](http://www.seecgalicia.org) , o **luns 28, martes 29 e mércores 30 de xaneiro**, a partir das **9:00 h.**, e deberán ser contestadas polos equipos inscritos nun prazo máximo de **24 horas**, é dicir, **antes das 9:00 h. do día seguinte**, cubrindo o formulario directamente dende a web.
2. O "*preguntón*" coas súas "*preguntas-pistas*" sairá publicado o **xoves 31** a partir das **9:00 h.** e deberá ser contestado polos equipos inscritos nun prazo máximo de **30 horas**, é dicir, **antes das 14:30 h. do venres 1 de febreiro**. Os equipos contestarán cubrindo o formulario directamente dende a web.
3. No caso de que ao final deste concurso se produza un empate entre equipos que opten ao primeiro premio, celebrarase un **desempate** con outro "*preguntón*" que se publicará na WEB o **xoves 7 de febreiro ás 9:00 h.** e deberá ser contestado **antes das 14:30 h. do día seguinte, venres 8 de febreiro**. En caso de haber un empate final a puntos o gañador será o equipo que contestase a este último "*preguntón*" **en primeiro lugar**.
4. En caso de empate a puntos entre os equipos que opten ao segundo e terceiro premio, o gañador será aquel equipo que empregase menos tempo en responder. Estes equipos **non participarían** no desempate ao que fai referencia o parágrafo anterior.
5. O **xoves 14 de febreiro** celebrarase a **fase final da competición** entre os equipos gañadores de Valencia e de Galicia mediante un preguntón. Sairán publicadas as "*preguntas-pistas*" e o preguntón as **9:00 h. do 14 de febreiro** e deberá ser contestado nun prazo máximo de 30 horas. Caso de haber empate a puntos o gañador será o que teña contestado en primeiro lugar.
6. A **entrega de premios** terá lugar o **luns 3 de marzo**, no marco da inauguración do festival de teatro greco-latino a celebrar no **auditorio Gustavo Freire de Lugo**. Os equipos gañadores e os seus profesores estarán invitados ás representacións.

